

Dáme a sinxeleza de María, Señor

Ti que coñeces a miña pequenez e as miñas dúbidas,
Ti que sabes da miña fraxilidade e incoherencia,
ti que controlas as miñas idas e vindas,
sabes que quero vivir contigo e para Ti, Señor.

Eu quero saber dicirche un si como o de María,
esa muller sinxela, que non necesitou facerse a humilde,
que che deixou facer nela o teu milagre
e que recoñeceu todas as túas marabillas.

Ela, a túa Nai, coa súa vida falaba do teu Amor,
coa súa dispoñibilidade contaxiaba abandono,
co seu deixarche facer, ensinábanos a fiarnos,
e ao recoñecer as túas marabillas demostraba sinxeleza.

A túa Nai, Xesús, que ao facerse escrava, fíxose grande,
ao fiarse de Deus salvounos a todos,
ao deixarse habitar alumou o mundo,
e ao encherse de alegría o corazón ensinounos a crer.

María, Nai de Deus, abraza a todas as nais,
ás que non conseguen selo e ás que o interrompen,
ás que viven con dor a súa maternidade,
ás que non saben gozala
e ás que ven morrer os seus fillos de fame.

Coida das familias, María, Nai nosa,
acompaña a homes e mulleres neste camiñar,
sanda os separados e mal amados,
educa connosco os nenos malcriados
e axúdanos a todos a vivir mellor.

Mari Patxi Ayerra

Grazas por María

Gracias, Señor, por María que nos ensina
en Advento a prepararnos para celebrar
o nacemento do Neno Xesús.

Entre dúbidas e preguntas María dá o seu si ao Anxo,
confía totalmente en ti,
ti, noso Deus, habitas nela,
a enches de graza e de alegría
porque ela sabe que para Deus nada é imposible.

Impulsada polo Espírito María vai a présa,
non pode esperar máis, quere ser altofalante de Deus,
quere dar a boa noticia de que ti, Señor,
sempre compres as promesas,
e exultas de alegría os corazóns.

Señor, que nestes días do Nadal,
Miremos a María a ditosa entre as mulleres,
a modelo de crente, a que nos trouxo a Xesús,
a que nos ensina a ir ás carreiras a servir a Xesús
en tantos irmáns que nos necesitan.

Que acollamos a Xesús como María e sexamos
altofalantes que anuncian a súa chegada inminente,
Ven, Señor, ven Salvador.